

CN6 2021



A función de nutrición lévase a cabo mediante catro procesos:

Dixestión: serve para transformar os alimentos que inxerimos en substancias máis simples, en nutrientes, que as nosas células poden empregar para realizar as súas funcións.

Respiración: supón a captación de osíxeno, necesario para o funcionamento das células, e a eliminación do dióxido de carbono, substancia de refugallo que producen as células durante a súa actividade.

Circulación: permite que substancias útiles para a célula cheguen ata elas e as de refugallo sexan transportadas cara a órganos encargados de eliminalas.

Excreción: permite a eliminación de substancias de refugallo cara ao exterior.

exterior	células	alimentos	refugallo	eliminación
carbono	funcións	osíxeno	nutrientes	



Captación do
alimento e
osíxeno

Circulación
Transporte de
substancias

Expulsión de
substancias de
refugallo

Uso de alimentos e
osíxeno para manter
materia e enerxía